



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Centro de Educación Infantil e Primaria Víctor Sáenz

San Cosme de Antes, 35

15256 Mazaricos – A Coruña

Teléfonos: 881866101//881866102

Fax: 881866103

Correo electrónico: [ceip.victor.saenz@edu.xunta.es](mailto:ceip.victor.saenz@edu.xunta.es)

Web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvictorsaenz/>

## ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019/2020

**CENTRO: CEIP VÍCTOR SÁENZ**

**CURSO: 3º EDUCACIÓN PRIMARIA**

**ÁREAS: LINGUA GALEGA E LITERATURA, LINGUA CASTELÁ E LITERATURA, MATEMÁTICAS, CIENCIAS SOCIAIS, CIENCIAS DA NATUREZA, LINGUA EXTRANXEIRA: INGLÉS, EDUCACIÓN FÍSICA, EDUCACIÓN ARTÍSTICA: MÚSICA E PLÁSTICA, RELIXIÓN CATÓLICA.**

**DATA: MAIO 2020**

**PROFESORADO:**

**MESTRA TITORA: ALBA RECAREY NOYA (LINGUA GALEGA E LITERATURA, LINGUA CASTELÁ E LITERATURA, MATEMÁTICAS, CIENCIAS SOCIAIS E CIENCIAS DA NATUREZA)**

**MESTRA ESPECIALISTA EN LINGUA EXTRANXEIRA. INGLÉS: MARINA CASCALLAR FERREIRO**

**MESTRE ESPECIALISTA EN EDUCACIÓN FÍSICA: JOSÉ DAVID FERNÁNDEZ LEIVA**

**MESTRA ESPECIALISTA EN EDUCACIÓN ARTÍSTICA. MÚSICA E PLÁSTICA: SUSANA DOEL MOURENZA**

**MESTRA ESPECIALISTA EN RELIXIÓN CATÓLICA: M<sup>a</sup> MANUELA LAGO PÉREZ**

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia

## **ÍNDICE**

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles de cada materia.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

<b>LINGUA GALEGA E LITERATURA</b>	
<b>Criterios</b>	<b>Estándares</b>
B1.3. Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico.	<p>LGB1.3.1. Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo adecuadamente.</p> <p>LGB1.3.2. Sigue unha exposición da clase e extrae o sentido global e as informacións máis relevantes, preguntando se é necesario para verificar a súa comprensión.</p> <p>LGB1.3.3. Elabora e produce textos orais sinxelos (explicacións, breves exposicións, narracións curtas...) presentando as ideas cunha coherencia lineal elemental e responde preguntas aclaratorias elementais sobre o seu contido.</p>
B1.5. Participar nas diversas situacións de interacción oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.	<p>LGB1.5.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.</p> <p>LGB1.5.5. Exprésase cunha pronuncia e dicción correctas.</p>
B1.6. Amosar interese por expresarse en público coherentemente, sen contradicións, sen repeticións innecesarias e usando nexos adecuados.	<p>LGB1.6.1. Elabora un discurso oral coherente, utilizando un vocabulario adecuado á súa idade.</p> <p>LGB1.6.2. Elabora un discurso oral cohesivo, utilizando algúns nexos básicos.</p> <p>LGB1.6.3. Amosa un discurso oral, claro, cunha pronuncia e entoación axeitadas e propias da lingua galega.</p>
B2.1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos sinxelos de soportes variados	<p>LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos sinxelos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás.</p> <p>LGB2.1.2. Identifica as ideas principais dun texto sinxelo (narrativo, descritivo, expositivo).</p>

(webs infantís, libros, carteis).	LGB2.1.3. Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo.
B2.3. Realizar o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo e resumir o seu contido.	LGB2.3.2. Realiza o resumo, a partir de preguntas, dun texto sinxelo.
B2.6. Ler, en silencio ou en voz alta, textos sinxelos en galego, adaptados á súa idade e aos seus intereses.	LGB2.6.1. Descodifica sen dificultade as palabras. LGB2.6.2. Le textos sinxelos en voz alta sen dificultade. LGB2.6.3. Le textos, adaptados e próximos á súa experiencia, en silencio, sen dificultade.
B3.1. Usar, as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.	LGB3.1.2. Elabora o texto, con coherencia xeral e de xeito creativo. LGB3.1.3. Aplica, de forma xeral, os signos de puntuación (punto, coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación). LGB3.1.4. Aplica, de maneira xeral, a norma lingüística: ortografía, léxico, morfosintaxe.
B3.2. Producir textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir e resumir, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación.	LGB3.2.1. Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas, normas de convivencia, avisos, instrucións... LGB3.2.3. Elabora diferentes tipos de textos (narrativos e descritivos) seguindo un guión establecido. LGB3.2.4. Escribe textos coherentes empregando algúns elementos de cohesión. LGB3.2.5. Resume brevemente o contido de textos sinxelos, a partir de preguntas, propios do ámbito da vida persoal ou familiar ou dos medios de comunicación.
B3.3. Elaborar textos do ámbito académico para comunicar información.	LGB3.3.1. Elabora por escrito textos do ámbito académico moi sinxelos (cuestionarios, resumos, descrições, explicacións...) para obter e comunicar información.
B3.7. Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a	LGB3.7.1. Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica, separación entre parágrafos, interliñado...

lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.	
B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento na mellora do uso da lingua.	<p>LGB4.1.1. Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes, enunciados, palabras e sílabas.</p> <p>LGB4.1.2. Identifica as formas verbais.</p> <p>LGB4.1.3. Separa as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas.</p> <p>LGB4.1.4. Identifica nun texto substantivos e adxectivos.</p>
B4.2. Aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas básicas, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.	LGB4.2.2. Utiliza as normas ortográficas básicas, aplicándoas nas súas producións escritas, con especial atención ás maiúsculas.
B4.3. Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como unha sintaxe elemental nas producións orais e escritas.	<p>LGB4.3.1. Emprega, de forma xeral, os signos de puntuación.</p> <p>LGB4.3.2. Usa unha sintaxe elemental adecuada nas súas producións.</p>
B4.4. Recoñecer e empregar conectores básicos.	LGB4.4.1. Usa diversos conectores básicos entre oracións: adición e causa.

<b>LINGUA CASTELÁ E LITERATURA</b>	
<b>Critérios</b>	<b>Estándares</b>
B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando a quenda de palabra e a	<p>LCB1.1.1. Expresa de forma global, ideas, opinións e sentimentos con certa claridade.</p> <p>LCB1.1.2. Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas, respecto da opinión dos e das demais.</p>

intervención dos e das demais.	
B1.2. Recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais e integrala na produción propia.	LCB1.2.2. Exprésase cunha pronunciación e unha dicción correctas.
B1.4. Facer hipóteses sobre o significado de palabras evidentes a partir do seu contexto de uso.	LCB1.4.2. Utiliza o vocabulario axeitado a súa idade para expresarse con progresiva precisión nos diferentes contextos de comunicación.
B1.5. Recoñecer o tema e as ideas principais de textos orais breves e sinxelos de diferente tipoloxía, segundo a forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).	<p>LCB1.5.1. Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social, identifica o tema e selecciona as ideas principais: noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas médicas....</p> <p>LCB1.5.3. Responde preguntas sinxelas correspondentes á comprensión literal.</p> <p>LCB1.5.4. Utiliza de xeito guiado a información recollida, para levar a cabo diversas actividades en situacións de aprendizaxe.</p>
B1.6. Utilizar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe.	LCB1.6.3. Comprende de forma global o contido principal dunha entrevista, noticia ou debate infantil procedente dos medios de comunicación.

<p>B1.8. Producir textos orais adecuados ao nivel dos xéneros máis habituais imitando modelos, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).</p>	<p>LCB1.8.1. Elabora comprensiblemente textos orais breves e sinxelos do ámbito escolar e social, adecuados ao nivel, imitando modelos.</p> <p>LCB1.8.2. Organiza o discurso cunha secuencia coherente elemental, utilizando nexos básicos.</p>
<p>B1.9. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar e preguntar.</p>	<p>LCB 1.9.1. Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita e pregunta para asegurar a comprensión.</p>
<p>B2.1. Ler en voz alta e en silencio diferentes textos.</p>	<p>LCB2.1.1. Le en voz alta, sen dificultade, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade</p> <p>LCB2.1.2. Le en silencio textos sinxelos próximos á súa experiencia.</p>
<p>B2.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade e valorar a lectura como medio para ampliar o vocabulario, fixar a ortografía correcta e como gozo persoal.</p>	<p>LCB2.2.1. Resume, respondendo a preguntas e reflectindo as ideas principais, textos de diversa tipoloxía textual.</p> <p>LCB2.2.2. Distingue en textos do ámbito escolar e social e de forma xeral, entre as diversas tipoloxías atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).</p>
<p>B3.1. Producir textos seguindo un modelo con diferentes intencións comunicativas, cohesivas de xeito elemental, aplicando as regras ortográficas de nivel e</p>	<p>LCB3.1.1. Escribe, con axuda e en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, utilizando elementos de cohesión básicos: noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas, instrucións, normas....</p> <p>LCB3.1.2. Respecta as normas gramaticais e ortográficas básicas, propias do nivel.</p>

<p>coidando a presentación.</p>	<p>LCB3.1.3. Reproduce textos ditados sinxelos.</p> <p>LCB3.1.4. Presenta os seus traballos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc.</p>
<p>B4.1. Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.</p>	<p>LCB4.1.1. Recoñece e identifica as categorías gramaticais básicas: presentar ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar acción.</p> <p>LCB4.1.2. Utiliza con corrección os tempos verbais: presente, pasado e futuro, ao producir textos orais e escritos.</p> <p>LCB4.1.4. Utiliza as normas ortográficas básicas.</p>
<p>B4.2. Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua.</p>	<p>LCB4.2.3. Recoñece a oración simple, distingue suxeito e predicado.</p>
<p>B4.3. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.</p>	<p>LCB4.3.1. Clasifica e usa os tipos de nomes para elaborar textos escritos sinxelos</p> <p>LCB4.3.2. Aplica as normas de concordancia de xénero e número, na expresión oral e escrita.</p> <p>LCB4.3.3. Aplica, con axuda, as normas de acentuación (sílabas tónicas) nas súas producións escritas.</p> <p>LCB4.3. 4. Utiliza signos de puntuación nas súas composicións escritas.</p> <p>LCB4.3.5. Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias.</p>



<b>MATEMÁTICAS</b>	
<b>Criterios</b>	<b>Estándares</b>
B1.1. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.	<p>MTB1.1.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, contexto do problema, pregunta realizada).</p> <p>MTB1.1.2. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas: revisa as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comproba e interpreta as solucións no contexto da situación, busca outras formas de resolución etc.</p>
B2.1. Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados.	<p>MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 10.000.</p> <p>MTB2.1.2. Aproxima números á decena, centena e millar.</p>
B2.3. Realizar operación e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.	<p>MTB2.3.1. Constrúe e memoriza as táboas de multiplicar, utilizándoas para realizar cálculo mental.</p> <p>MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos coa operación de multiplicación na resolución de problemas contextualizados.</p> <p>MTB2.3.3. Resolve problemas utilizando a multiplicación para realizar recontos, en disposicións rectangulares nos que intervén a lei do produto.</p> <p>MTB2.3.4. Realiza cálculos numéricos coa operación de división dunha cifra na resolución de problemas contextualizados.</p> <p>MTB2.3.5. Identifica e usa os termos propios da multiplicación e da división.</p>
B2.4. Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos	<p>MTB2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento.</p> <p>MTB2.4.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no</p>

coñecementos matemáticos adecuados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	contexto.
---	-----------

<b>CIENCIAS SOCIAIS</b>	
<b>Criterios</b>	<b>Estándares</b>
B2.1.Recoñecer e situar os elementos principais do sistema solar: o Sol, os planetas e as súas características básicas empregando as TIC.	CSB2.1.1. Identifica, localiza os elementos principais do Sistema Solar: o Sol, os planetas e recoñece algunha das súas características básicas empregando as TIC.
B2.2.Localizar o planeta Terra e a Lúa no sistema solar recoñecendo as súas características principais, movementos e consecuencias máis directas que producen na súa vida diaria e na contorna próxima.	CSB2.2.1. Describe de forma sinxela os movementos terrestres, o eixe do xiro e os polos xeográficos. CSB2.2.2. Expón, de maneira sinxela, como se produce o cambio entre o día e a noite e as estacións do ano como consecuencia dos movementos terrestres. CSB2.2.3. Identifica a Lúa como satélite da Terra e describe algunha das súas características principais.
B2.3. Identificar as capas da Terra segundo a súa estrutura sexa interna ou externa.	CSB2.3.1. Identifica, nomea e describe as capas da Terra.
B2.4. Identificar as distintas formas de representar a superficie terrestre e localizar o lugar no que vive.	CSB2.4.1. Recoñece as distintas formas de representación da Terra, planos, mapas, planisferios e globos terráqueos.
B2.7. Identificar a atmosfera como escenario dos	CSB2.7.1. Identifica e nomea fenómenos atmosféricos e describe as causas que producen a formación

fenómenos meteorolóxicos, coñecer algúns destes fenómenos máis frecuentes na súa contorna e explicar, de maneira sinxela como se forman as nubes e as precipitación.	das nubes e as precipitacións.
B2.8. Identificar os aparatos de medida que se empregan para na recollida de datos. Recoller datos empregando as TIC, representar e interpretar gráficos sinxelos e comparalos coa información na web e prensa dixital ou escrita.	CSB2.8.1. Identifica e sabe usar os distintos aparellos de medida que se utilizan para a recollida de datos atmosféricos.
B2.9. Coñecer cal e a función dunha estación meteorolóxica e facer pequenas observacións.	CSB2.9.1. Describe unha estación meteorolóxica, explica a súa función, confecciona e interpreta gráficos moi básicos de temperaturas e precipitacións.
B2.10 Interpretar o tempo atmosférico en mapas do tempo sinxelos da comunidade autónoma.	CSB2.10.1. Interpreta mapas do tempo sinxelos de Galicia distinguindo os seus elementos principais.
B2.11. Diferenciar entre clima e tempo atmosférico, recoñecer as tres grandes zonas climáticas mundiais e comparalas co clima do espazo no que vive.	CSB2.11.1. Diferencia entre clima e tempo atmosférico. CSB2.11.2. Nomea as tres grandes zonas climáticas do planeta e identifica algunha característica principal que se identifique co clima da súa contorna.
B2.12. Explicar como se produce o ciclo da auga e as	CSB2.12.1. Escribe ordenadamente as fases nas que se produce o ciclo da auga.

súas fases relacionándoos cos elementos da paisaxe da súa contorna próxima.	
B2.13. Explicar que é unha paisaxe, os seus elementos básicos e recoñecer os distintos tipos de paisaxes de Galicia.	CSB2.13.1. Define paisaxe, identifica os seus elementos e recoñece as diferentes tipos de paisaxe básicas na comunidade autónoma.
B2.14. Localizar nun mapa os principais elementos da paisaxe: unidades de relevo e ríos máis importantes da comunidade autónoma e coñecer algunha característica relevante de cada un deles.	CSB2.14.1. Localiza nun mapa os principais elementos da paisaxe: unidades de relevo e ríos máis importantes da comunidade autónoma.
B2.15. Explicar a importancia e as consecuencias da intervención humana no medio próximo valorando a necesidade dun desenvolvemento sostible.	<p>CSB2.15.1. Explica o impacto e as consecuencias negativas que a acción humana ten sobre o medio máis próximo.</p> <p>CSB2.15.2. Explica a importancia de coidar a atmosfera e as consecuencias de non facelo.</p> <p>CSB2.15.3 Propón algunhas medidas para o desenvolvemento sostible e un consumo responsable.</p>
B3.1. Expoñer e explicar a organización social, política e territorial da contorna próxima a través da interpretación dun mapa mental.	CSB3.1.1. Describe a estrutura básica da organización social, política e territorial da contorna próxima.
B3.3. Comprender os principais conceptos básicos demográficos, a través da realización do estudo	CSB3.3.1. Define demografía, comprende os principais conceptos demográficos e os representa en gráficas sinxelas.

demográfico da poboación no contexto do centro educativo, representar os datos en gráficas básicas e comunicar os resultados.

<b>CIENCIAS DA NATUREZA</b>	
<b>Criterios</b>	<b>Estándares</b>
B2.1. Coñecer a morfoloxía externa do propio corpo e os órganos máis importantes para o seu funcionamento.	<p>CNB2.1.1. Explica a morfoloxía externa do propio corpo, o seu funcionamento nun sentido global e os cambios nas distintas etapas da vida.</p> <p>CNB2.1.2. Coñece os principais órganos vitais e entende a súa importancia no funcionamento do organismo.</p>
B2.2. Identificar e explicar as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso deseñando protocolos para a súa prevención.	<p>CNB2.2.1 Emprega hábitos de hixiene, de exercicio e de alimentación sa na escola.</p> <p>CNB2.2.2. Recoñece algúns factores causantes das enfermidades máis habituais (caries, catarros, gripe e obesidade) e aplica actuacións para á súa prevención.</p>
B2.3. Deseñar un menú equilibrado para a súa idade.	<p>CNB2.3.1. Clasifica alimentos en función dos nutrientes principais.</p> <p>CNB2.3.2. Diferencia entre dieta equilibrada e non equilibrada e elabora un menú saudable na escola.</p>
B3.1. Identificar e clasificar, con criterios científicos, animais e plantas do seu	<p>CNB3.1.1. Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno, con criterio científico.</p> <p>CNB3.1.2. Observa, identifica e recoñece as características das plantas do seu contorno e clasifícaas</p>

contorno próximo, recoñecer as súas características principais e buscar información en fontes variadas.	con criterio científico.  CNB3.1.3. Utiliza claves e guías para a clasificación de animais e plantas.
B3.2. Observar e rexistrar de forma cooperativa, algún proceso asociado ao ciclo vital dun ser vivo, no seu medio ou na aula. Comunicar de xeito oral e escrito os resultados, empregando soportes textuais variados.	CNB3.2.1. Coñece as funcións de relación, reprodución e alimentación dun ser vivo e as explica empregando diferentes soportes.

<b>LINGUA EXTRANXEIRA: INGLÉS</b>	
<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
Identificar a idea principal en textos con apoio visual.	Identifica a idea principal dunha historia con imaxes.
Escribir textos sinxelos seguindo un modelo dado.	Redacta un texto sinxelo partindo dun modelo dado.
Iniciarse no uso de ferramentas dixitais para completar actividades deseñadas polo mestre.	Emprega as novas tecnoloxías para completar información en actividades deseñadas polo mestre.
Empregar vocabulario traballado en diferentes actividades.	Emprega o vocabulario traballado en diferentes actividades.
Familiarizarse coas preposicións e emprégalas para describir unha imaxe.	Coñece e utiliza polo menos cinco preposicións e emprégaa para describir unha imaxe.
Respostar de forma escrita a preguntas que forman parte das rutinas diarias.	Resposta por escrito a preguntas que forman parte das rutinas diarias.
Familiarizarse con vocabulario relacionado co mobiliario da casa.	Identifica e relaciona o mobiliario dunha casa.
Debuxar e describir en inglés unha habitación.	Describe a súa habitación utilizando como mínimo oito expresións relacionadas co mobiliario da casa.
Escoitar unha canción e localizar as palabras incorrectas.	Escoita a canción e localiza onde están as palabras incorrectas.
Clasificar o vocabulario do tempo, os meses do ano, e as prendas de roupa de cada estación.	Clasifica o vocabulario do tempo, os meses do ano, as estacións e as prendas de cada estación.
Identificar o vocabulario dos animais salvaxes.	Identifica os animais salvaxes e os verbos de acción.
Describir un animal tendo un modelo como referente.	Describe un animal partindo dun modelo dado.

<b>EDUCACIÓN FÍSICA</b>	
<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
<p>B1.1.Opinar tanto desde la perspectiva de participante como de espectador o espectadora, ante las posibles situaciones conflictivas surgidas, participando en debates, y aceptando las opiniones de los y de las demás.</p> <p>B1.3.Demostrar un comportamiento personal y social responsable, respetándose a uno mismo y a los otros y otras en las actividades físicas y en los juegos, aceptando las normas y reglas establecidas y actuando con interés e iniciativa individual y trabajo en equipo.</p>	<p><b>BLOQUE 1:CONTENIDOS COMUNES EN EDUCACIÓN FÍSICA</b></p> <p>EFB1.1.2.Explica a sus compañeros y a sus compañeras las características de un juego practicado en la clase.</p> <p>EFB1.1.3.Muestra buena disposición para solucionar los conflictos de manera razonable. EFB1.3.1.Demuestra cierta autonomía resolviendo problemas motores.</p> <p>EFB1.3.2.Conoce y respeta las normas de educación viaria en entornos habituales y no habituales.</p> <p>EFB1.3.3.Participa en la recogida y organización de material utilizado en las clases. EFB1.3.4.Acepta formar parte del grupo que le corresponda y el resultado de las competiciones con deportividad. EFB1.3.5.Incorpora en sus rutinas el cuidado e higiene del cuerpo.</p>
<p>B2.2.Conocer la estructura y funcionamiento del cuerpo para adaptar el movimiento a las circunstancias y condiciones de cada situación, siendo capaz de representar mentalmente su cuerpo en la organización de las acciones motrices.</p>	<p><b>BLOQUE 2:EL CUERPO: IMAGEN Y PERCEPCIÓN</b></p> <p>EFB2.2.1.Reconoce los dos tipos de respiración.</p> <p>EFB2.2.2.Se mantiene en equilibrio sobre distintas bases de sustentación en diferentes posturas y posiciones, durante un tiempo determinado.</p> <p>EFB2.2.3.Conoce los músculos y articulaciones principales que participan en movimientos segmentarios básicos y en el control postural.</p> <p>EFB2.2.4.Se coloca a la izquierda- derecha de diferentes objetos, personas y espacios en movimiento.</p>
<p>B3.1.Resolver situaciones motrices con diversidad de estímulos y condicionantes espacio-temporales, seleccionando y combinando las habilidades motrices básicas y adaptándolas a las condiciones establecidas de forma eficaz.</p>	<p><b>BLOQUE 3:HABILIDADES MOTRICES</b></p> <p>EFB3.1.1.Realiza desplazamientos en diferentes tipos de entornos intentando no perder el equilibrio ni la continuidad, e intentando ajustar su realización a los parámetros espacio-temporales.</p> <p>EFB3.1.2.Realiza la habilidad motriz básica del salto en diferentes tipos de entornos intentando no perder el equilibrio y la continuidad, e intentando ajustar su realización a los parámetros espacio-temporales.</p> <p>EFB3.1.3.Realiza las habilidades motrices básicas de manipulación de</p>

	<p>objetos (lanzamiento, recepción) en diferentes tipos de entornos intentando aplicar los gestos adecuados y utilizando los segmentos dominantes.</p> <p>EFB3.1.4.Realiza las habilidades motrices de giro en diferentes tipos de entornos intentando no perder el equilibrio y la continuidad, e intentando ajustar su realización a los parámetros espacio-temporales.</p> <p>EFB3.1.5.Mantiene el equilibrio en diferentes posiciones y superficies.</p> <p>EFB3.1.6.Realiza actividades físicas y juegos propuestos en el medio natural o en entornos no habituales.</p>
<p>B4.1. Utilizar los recursos expresivos del cuerpo y el movimiento, de forma estética y creativa, comunicando sensaciones, emociones e ideas.</p>	<p><b>BLOQUE 4: ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO EXPRESIVAS</b></p> <p>EFB4.1.1.Representa personajes, situaciones, sentimientos, utilizando los recursos expresivos del cuerpo, individualmente, en parejas o en grupos.</p> <p>EFB4.1.2. Realiza movimientos a partir de estímulos rítmicos o musicales, individualmente y en parejas.</p> <p>EFB4.1.3. Conoce y practica bailes y danzas sencillas representativas de la cultura gallega y de otras culturas, siguiendo una coreografía básica.</p>
<p>B5.1. Reconocer los efectos del ejercicio físico, la higiene, la alimentación y los hábitos posturales sobre la salud y el bienestar, manifestando una actitud responsable hacia uno mismo o misma.</p> <p>B5.2. Mejorar el nivel de sus capacidades físicas, regulando y dosificando la intensidad y duración del esfuerzo, teniendo en cuenta sus posibilidades y su relación con la salud.</p>	<p><b>BLOQUE 5: ACTIVIDAD FÍSICA Y SALUD</b></p> <p>EFB5.1.1.Mejora de las capacidades físicas.</p> <p>EFB5.1.3.Conoce los efectos beneficiosos del ejercicio físico para la salud.</p> <p>EFB5.1.4.Adopta hábitos posturales adecuados.</p> <p>EFB5.2.2.Identifica la frecuencia cardíaca en reposo y realizando actividad física.</p>
<p>B6.2. Conocer la diversidad de actividades físicas, lúdicas y deportivas, en especial las de Galicia.</p> <p>B6.3 Relacionar los conceptos específicos de Educación física y los introducidos en otras áreas con la práctica de actividades físico-deportivas.</p> <p>B6.4. Manifestar respeto hacia al entorno y el medio natural en los juegos y actividades al aire libre, identificando y realizando</p>	<p><b>BLOQUE 6: LOS JUEGOS Y ACTIVIDADES DEPORTIVAS</b></p> <p>EFB6.2.1. Reconoce las diferencias y características básicas de los juegos populares, deportes colectivos, deportes individuales y actividades en la naturaleza.</p> <p>EFB6.2.2. Reconoce juegos y deportes tradicionales de Galicia.</p> <p>EFB6.2.3. Realiza distintos juegos y deportes tradicionales de Galicia siguiendo las reglas básicas.</p> <p>EFB6.3.1. Comienza a reconocer alguna capacidad física básica</p>



acciones concretas dirigidas a su preservación.	<p>implicada en los juegos y actividades deportivas.</p> <p>EFB6.3.2. Distingue en juegos y deportes individuales y colectivos estrategias de cooperación y de oposición</p> <p>EFB6.4.2. Utiliza los espacios naturales, respetando la flora y la fauna del lugar.</p>
---	---

<b>EDUCACIÓN ARTÍSTICA: MÚSICA</b>	
<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas.	EMB1.1.1. Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.
	EMB1.1.4. Identifica manifestacións artísticas propias de Galicia.
B1.2. Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto.	EMB1.2.1. Describe e dá algunha información sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.
B1.4. Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical.	EMB1.4.1. Establece unha relación entre o que escoita e represéntao graficamente de xeito autónomo.
	EMB1.4.3. Representa graficamente, con linguaxe convencional ou non, trazos característicos da música escoitada.
B2.1. Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical.	EMB2.1.1. Utiliza de xeito correcto a linguaxe musical traballada para a interpretación de obras.
	EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas sen acompañamento.
	EMB2.1.4. Amosa interese por mellorar.
B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diversos materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.	EMB2.3.2. Constrúe algún instrumento similar a un existente.
B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza.	EMB3.1.1. Utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.

<b>EDUCACIÓN ARTÍSTICA: PLÁSTICA</b>	
<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
Recoñecer e identificar as formas naturais e artificiais, as texturas, os códigos e as técnicas básicas das obras	Representa formas naturais e artificiais presentes no contexto, utilizando instrumentos, técnicas e materiais adecuados na súa obra

plásticas, e expresar as súas diferenzas	<p>persoal.</p> <p>Clasifica texturas, formas e cores, atendendo a distintos criterios (similitude, diferenza, tacto, dureza etc.) .</p> <p>Identifica a influencia dos fondos de cor.</p> <p>Recoñece e interpreta de forma oral e escrita o contido das imaxes nunha obra artística.</p> <p>Identifica as formas de representar a figura humana nas obras.</p>
Identificar determinados/as artistas e amosar interese por coñecer as formas de expresión das súas obras máis representativas	<p>Describe profesións relacionadas coas artes plásticas e visuais.</p> <p>Procura información sobre artistas plásticos/as da propia cultura ou alleos, en relación coas características da súa obra.</p> <p>Expresa as sensacións e as apreciacións persoais sobre as obras plásticas dun autor ou dunha autora cun criterio artístico.</p>
Coñecer e utilizar materiais, técnicas e códigos diversos que se utilizan nas producións artísticas.	<p>Representa formas naturais e artificiais con diferentes formas, cores, texturas e materiais.</p> <p>Utiliza as cores, as mesturas e a tonalidade con sentido estético, de forma cada vez máis autónoma</p> <p>Realiza unha obra con materiais de refugallo.</p> <p>Recorta, encarta e pega con precisión, con distintos materiais e texturas.</p>
Realizar composicións plásticas con figuras xeométricas.	<p>Utiliza a cuadrícula como un elemento que estrutura o espazo gráfico.</p> <p>Traza formas xeométricas con precisión, coa axuda das ferramentas básicas (regra, escuadro e cartabón) sempre que sexa posible.</p> <p>Realiza composicións plásticas con figuras xeométricas, apreciando o valor expresivo da cor.</p> <p>Debuxa persoas e obxectos a través dun eixe de simetría.</p>
Utilizar e manexar as novas tecnoloxías da información e da comunicación como medio de información, investigación e deseño.	<p>Coñece e utiliza recursos tecnolóxicos básicos para a elaboración das propias creacións.</p>
Utilizar recursos da internet para obter información que lle sirva para desenvolver procesos creativos.	<p>Realiza o proceso creativo partindo da idea, recollendo información bibliográfica, dos medios de comunicación ou da internet, coa axuda da familia.</p>

RELIXIÓN CATÓLICA	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Comparar as diferentes respostas dos amigos de Xesús á súa chamada.	Busca testemuños da acción misioneira e caritativa da Igrexa como continuidade da misión de Xesús.
Identificar e valorar as accións da Igrexa que continúan a misión de Xesús.	Identifica e comenta algunhas características diferenciais nas respostas das persoas que chama Xesús nos relatos evanxélicos.
Sinalar a oración como unha forma de expresión da amizade con Deus.	Compón textos que expresen o diálogo da persoa con Deus.

2. Avaliación e cualificación	
<b>Avaliación 3º trimestre</b>	<p><b>PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN</b></p> <p><b>1. A NIVEL XERAL EN TODAS AS ÁREAS</b> Empregarase o seguinte procedemento de avaliación: observación sistemática do traballo do alumnado.</p> <p>As tarefas nalgúns casos son autocorrexidas con solucionarios, noutras son correxidas ao devolvelas de volta (por TokApp, correo electrónico,...) e noutros casos serán correxidas cando se entreguen no centro. Por iso, o alumnado debe ir arquivando as tarefas para cando se avise que poden ser entregadas no centro, para a súa supervisión polo profesorado. Para esta entrega no centro, utilizarase o mesmo sistema que a Consellería determine para a recollida dos libros do fondo solidario e que se comunicará máis adiante.</p> <p><b>2. A NIVEL ESPECÍFICO NA ÁREA DE LINGUA EXTRANXEIRA: INGLÉS</b> Os procedementos que se utilizarán na avaliación da aprendizaxe do alumnado e cos que se pretende obter información acerca do grao de consecución dos obxectivos propostos son:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Observación do traballo realizado polos alumnos e resolución de dúbidas prantexadas a través da aplicación TokApp School.</li> <li>-Participación en actividades comúns con toda a comunidade educativa.</li> <li>-Realización de actividades propostas e feedback para comprobar o grao de adquisición do vocabulario.</li> <li>-Traballo diario e/ou constante.</li> </ul>

	<p>-Entrevistas co alumnado e pais/nais pola información complementaria que poidan ofrecer e a importancia dunha relación positiva entre o centro educativo e a familia.</p> <p><b>INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN</b></p> <p><b>1. A NIVEL XERAL EN TODAS AS ÁREAS</b></p> <p>O principal instrumento de avaliación que se utilizarán na avaliación da aprendizaxe do alumnado é o rexistro do traballo realizado.</p> <p><b>2. A NIVEL ESPECÍFICO NA ÁREA LINGUA EXTRANXEIRA: INGLÉS</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Portfolio ou dossier cos traballos dos alumnos que realizaron durante os meses de cuarentena e se entregará ós mestres segundo as recomendacións das autoridades sanitarias para ser revisado.</li> <li>-Padlet colaborativo co resto do alumnado do colexio.</li> <li>-Fotografías dalgunhas das actividades máis salientables para comprobar o grao de adquisición da materia.</li> <li>-Formularios de Google con pequenos test para repasar temas e vocabulario que xa se traballou na clase.</li> </ul> <p><b>3. A NIVEL ESPECÍFICO NA ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA</b></p> <p>Los <b>instrumentos</b> que se utilizarán en la evaluación del aprendizaje del alumnado y con los que se pretende obtener información acerca del grado de consecución de los objetivos propuestos son: la realización constante de actividades programadas y enviadas a las familias a través de diversos canales (tockapp school, sms, whatsapp, etc...), trabajos de lectura comprensiva de ciertos contenidos relativos al área física y a los hábitos saludables, vídeos de diversa índole que les proporcionen información relativa a aspectos a seguir como dieta saludable, ejercicio físico, juegos, etc...y otros relativos a aquellas actitudes que no se deben tomar en estos momento como por ejemplo las consecuencias del sedentario y de una dieta desequilibrada, etc,,así como vídeos de carácter lúdico-práctico para su diversión con amigos o familiares que conviven cercanos a ellos.</p>
<p><b>Cualificación final</b></p>	<p><b>1. A NIVEL XERAL EN TODAS AS ÁREAS</b></p> <p>A nota da 3ª e da avaliación final será como mínimo ou ben a media que resulta das dúas primeiras avaliacións ou a nota da 2ª avaliación. Esta nota en ningún caso baixará, e poderá ser aumentada pola actitude e realización das tarefas por parte do alumnado e sempre tendo en conta a situación persoal de cada alumno/a.</p>

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

#### Actividades

#### 1. LINGUA GALEGA E LITERATURA, LINGUA CASTELÁ E LITERATURA, MATEMÁTICAS, CIENCIAS SOCIAIS E CIENCIAS DA NATUREZA

No 3º trimestre realizaranse as seguintes actividades:

- Pequeno traballo semanal sobre os contidos básicos das áreas de Matemáticas e Lingua Galega e Literatura / Lingua Castelá e Literatura.
- Pequeno traballo semanal de repaso da área de Ciencias Sociais / Ciencias da Natureza: realización de esquemas e elaboración dunha tarefa integrada, para a súa posterior publicación no blogue de aula.
- Pequeno traballo diario de martes a venres da área de Matemáticas / Lingua Galega e Literatura / Lingua Castelá e Literatura.
- Publicación no blogue de aula de vídeos relacionados cos contidos de cada unha das áreas.
- Videoconferencia semanal.

#### 2. LINGUA EXTRANXEIRA: INGLÉS

Actividades que se realizarán no terceiro trimestre:

- Repaso das preposicións de lugar con fichas interactivas.
- Debuxo e descrición da habitación de cada alumno.
- Meses do ano encriptados.
- Relacionar as partes da casa co vocabulario identificativo.
- Clasificar o vocabulario relacionado co tempo, a roupa nas distintas estacións, os meses do ano..
- Vídeo de “Clothes” e descrición de compañeiros da clase.
- Xogo “Move the Monster” para repasar os números en inglés.
- Lectura “Broughton Castle”.
- Xogo para revisar vocabulario de animais salvaxes.
- Descrición dun animal partindo dun modelo dado.

#### 3. EDUCACIÓN FÍSICA

	<p>Actividades digitales mediante el envío a través de tockapp school de vídeos y enlaces, creación de tutoriales para la realización de alguna actividad física en casa ellos solos o con sus familiares, propuestas de actividades lúdicas a través de nuestro blog de la biblioteca y de nuestra página web, etc...</p> <p><b>4. EDUCACIÓN ARTÍSTICA: MÚSICA</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Propostas de ritmo e movemento</li> <li>-Construción de instrumentos</li> <li>-Práctica vocal con expresión corporal e apoio visual en vídeos</li> <li>-Práctica vocal de pezas galegas e doutras culturas</li> <li>-Uso de aplicacións informáticas sobre diversas calidades do son</li> <li>-Audicións</li> </ul> <p><b>5. EDUCACIÓN ARTÍSTICA: PLÁSTICA</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Propostas de actividades sinxelas que se poidan realizar da maneira máis autónoma posible.</li> <li>-Creación de composicións plásticas diversas tendo en conta as datas que estaban sinaladas no calendario escolar.</li> <li>-Uso de aplicacións informáticas.</li> </ul>
<p><b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):</b></p>	<p><b>1. LINGUA GALEGA E LITERATURA, LINGUA CASTELÁ E LITERATURA, MATEMÁTICAS, CIENCIAS SOCIAIS E CIENCIAS DA NATUREZA</b></p> <p>Fíxoselle chegar ao alumnado, todo o material necesario, para que todos/as podan seguir co seu proceso de aprendizaxe.</p> <p>A comunicación co alumnado e coas súas familias realízase a través das aplicacións de TokApp School e de Cisco Webex Meetings, do correo electrónico e do blogue de aula. Comunícanse as tarefas que deben ser realizadas tanto semanalmente, como diariamente; realízase un seguimento individual, publícanse entradas no blogue que sirven como un punto de encontro para o alumnado...</p> <p><b>2. LINGUA EXTRANXEIRA: INGLÉS</b></p> <p><b>Con conectividade:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Dramatización e cinestesia. Repetir patróns de vocabulario e frases a través de cancións.</li> <li>-Videocontos e xogos interactivos en inglés para traballar a parte oral da lingua.</li> <li>-Audios do Class Book coas historias dos personaxes do libro.</li> <li>-Fichas interactivas e actividades LIM a través de enlaces electrónicos.</li> <li>-Padlet: actividades colaborativas en forma de pregunta e resposta cos nenos do cole.</li> </ul>

Para o alumnado que non ten acceso a internet e non pode traballar nos enlaces de actividades nin pode acceder a audios do Class Book, elabóranse tarefas en word con instrucións en inglés e galego para seguir as actividades do libro de texto. A metodoloxía centrase en elaborar actividades de forma autónoma cos recursos dos que dispoñan no seu domicilio e coa orientación do mestre especialista ou ben do tito

### **3. EDUCACIÓN FÍSICA**

**Con conectividade:** la mayoría de nuestro alumnado tiene algún tipo de conexión a través de la cual nos podemos conectar con ellos e informarles de los acontecimientos que vayan teniendo lugar. Estas conexiones son viables a través de internet o de la wifi de los teléfonos de los padres. Lo que no sabemos en estos momentos y si miraremos de cara al curso que viene es la velocidad de internet posible que tiene cada familia en casa.

**Sen conectividade:** es una minoría de alumnos los que se encuentran sin conexión a internet.

### **4. EDUCACIÓN ARTÍSTICA: MÚSICA**

A formulación metodolóxica da unidade pretende ser, ante todo, lúdica. É preciso que o alumnado, alentado por un reforzo positivo, pase dunhas actividades a outras coa sensación de que o proceso é divertido. Os métodos activos deben contribuír sempre a que os nenos e nenas sexan os verdadeiros protagonistas, tanto no plano individual coma no colectivo. O papel do profesor redúcese simplemente a facer de guía que favorece todo o potencial expresivo dos seus alumnos.

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Detección de necesidades sobre o manexo dos materiais tecnolóxicos.
- Utilización do xogo como base da expresión musical.
- Implicación das familias nas actividades dunha forma activa e participativa.
- Predisposición á escoita atenta das audicións propostas.
- Estímulo á improvisación e a creatividade.

Para o alumnado con problemas de conectividade facilitarase o traballo a través de medios externos.

### **5. EDUCACIÓN ARTÍSTICA: PLÁSTICA**

A formulación metodolóxica da unidade pretende ser, ante todo, lúdica. É preciso que o alumnado, alentado por un reforzo positivo, pase dunhas actividades a outras coa sensación de que o proceso é divertido. Os métodos activos deben contribuír sempre a que os nenos e nenas sexan os verdadeiros protagonistas, tanto no plano individual coma no colectivo. O papel do profesor redúcese simplemente a facer de guía que favorece todo o potencial expresivo dos seus alumnos.

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Detección de necesidades sobre o manexo dos materiais tecnolóxicos.

	<p>-Utilización do goce como base da expresión plástica.          -Implicación das familias nas actividades dunha forma activa e participativa se fora requerido.          -Estímulo á improvisación e a creatividade.</p> <p>Para o alumnado con problemas de conectividade facilitarase o traballo a través de medios externos.</p>
<p><b>Materiais e recursos</b></p>	<p><b>1. LINGUA GALEGA E LITERATURA, LINGUA CASTELÁ E LITERATURA, MATEMÁTICAS, CIENCIAS SOCIAIS E CIENCIAS DA NATUREZA</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Libros de texto.</li> <li>-Material impreso proporcionado.</li> <li>-Material funxible.</li> <li>-Blogue de aula.</li> <li>-Ordenador / tableta / teléfono móbil.</li> <li>-Vídeos explicativos.</li> <li>-Aplicación de TokApp School.</li> <li>-Aplicación de Cisco Webex Meetings.</li> <li>-Correo electrónico.</li> </ul> <p><b>2.LINGUA EXTRANXEIRA: INGLÉS</b></p> <p>Libro de texto Great Explorers 3 e 4, ordenadores e móbiles con acceso a internet, páxina de recursos da biblioteca do CEIP Víctor Sáenz, enlaces web a páxinas de contacontos, audios das distintas cancións e historias do libro, xogos e vocabulario específico de repaso, mensaxería a través de TokApp School e aula virtual do centro.</p> <p><b>3.EDUCACIÓN FÍSICA</b></p> <p>Vídeos, tutoriales grabados en vídeo, páxina web del centro, aplicación tockapp school para la comunicación con las familias, blog de la Biblioteca del centro, etc...</p> <p><b>4.EDUCACIÓN ARTÍSTICA: MÚSICA E PLÁSTICA</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Equipos informáticos.</li> <li>-Blog da aula de música.</li> <li>-Aula virtual do centro.</li> <li>-Xogos e aplicacións on line.</li> </ul>



	-Materiais de refugallo.
--	--------------------------

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	A información da modificación da programación farase chegar ás familias e ao alumnado por medio da páxina web do Centro
<b>Publicidade</b>	Publicación na páxina web do centro.